



Valoración sobre as enquisas de satisfacción co desenvolvemento da docencia non presencial. Curso 2019/20

Con motivo do Estado de Alarma provocado pola situación de pandemia, a área de Calidade da UVigo realizou unhas enquisas ao alumnado para comprobar o grao de satisfacción coa docencia, obrigatoriamente impartida online.

A estrutura da enquisa era de 7 preguntas agrupadas en 5 bloques, cun modelo similar ás enquisas habituais de satisfacción.

Da análise dos resultados, deducimos as seguintes conclusións:

Comezando polo índice de participación, en ningún dos títulos impartidos polo centro alcázase o índice que alcanza o ámbito humanístico da UVigo. No caso do mestrado en patrimonio pódese xustificar porque non houbo cambio na docencia impartida, ao ser título semipresencial. No caso do mestrado en arqueoloxía só hai dous alumnos/as e contesta só un/unha, polo que non o consideramos representativo.

Tanto no grao como no PCEO a porcentaxe de participación é do 35%.

O índice de satisfacción global é no grao de 2,9/5; no mestrado en patrimonio de 3,21/5 e no PCEO 2,62/5. Polo que nos tres casos superamos o aprobado, aínda que andamos próximos. Nos tres casos a valoración máis elevada procede das alumnas, no grao sería de 3,07.

Entre as cuestións de interese, destacamos que 3º foi o que outorgou unha valoración mellor cun 3,22; seguido de 2º con 3,14. No PCEO en 1º se alcanzou 4, seguido de 3º cun 2,79.

O ítem mellor valorado no grao é “ferramentas e canais”, sen embargo no PCEO é a “organización e desenvolvemento e a actividade docente”; o peor valorado tanto no grao como no PCEO é “adaptación da avaliación”. No mestrado en patrimonio o que mellor se valora é “adaptación a avaliación”; mentres que os peores (cunha puntuación elevada de 3,17) son “ferramentas e canais”; “atención e dedicación do profesorado” e “satisfacción xeral”.

En termos xerais, nas cinco preguntas resulta evidente que 3º se mantén como o curso que outorga unha mellor valoración; seguido de 2º.

Como conclusión, a pesar de que a mostra non resulta significativa, tal e como indicamos no índice de participación, consideramos o resultado como aceptable, tendo en conta que houbo que adaptarse á nova modalidade dun xeito imprevisto e repentino e baixo unha enorme presión.